
RESOLUCIÓN REITORAL, DO 24 DE OUTUBRO DE 2020, POLA QUE SE ADOPTAN AS MEDIDAS PROPOSTAS POLO COMITÉ DE ASESORAMENTO SOBRE A COVID-19 NA SÚA REUNIÓN DO 23 DE OUTUBRO.

O Comité de asesoramento sobre a COVID-19 na súa reunión do día 23 de outubro de 2020, trasladou a esta Reitoría unha proposta sobre medidas a adoptar derivadas dos resultados das probas serolóxicas que se están a facer na Universidade de Vigo entre o estudiantado, en concreto na Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte en Pontevedra, confirmáronse 5 casos positivos por PCR e 16 positivos por proba serolóxica, estándose á espera de PCR diagnóstica de confirmación e na Facultade de Ciencias Sociais e de Comunicación de Pontevedra confirmouse 1 positivo por PCR e 6 positivos por proba serolóxicas, estándose á espera de PRC diagnóstica de confirmación.

Tendo en conta esta proposta, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro

Acordar o pase á docencia en liña ata o martes día 27 outubro inclusive, de todas as titulacións impartidas na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.

Segundo

Acordar o pase á docencia en liña ata o venres día 30 de outubro inclusive, do cuarto (4º) curso do grao en Publicidade e Relacións Públicas, impartido na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.

Terceiro

Designar a José Carlos Caamaño Martínez, director da área de Prevención e Infraestruturas como presidente suplente no Comité de asesoramento sobre a Covid-19 da Universidade de Vigo.

Contra a presente resolución pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, previamente poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación da mesma resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste último caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que a reposición sexa resolta expresamente ou se producise silencio administrativo, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 24 de outubro de 2020
Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo